

INFORME DE XESTIÓN  
**Unión de Cooperativas Espazocoop**

## 1. EVOLUCIÓN DOS NEGOCIOS E SITUACIÓN DA ENTIDADE

De acordo cos artigos 73 e 134 da vixente Lei de Cooperativas de Galicia, o Consello Reitor presenta o informe de xestión adxunto, o cal contén unha exposición fiel sobre a evolución do negocio, e a situación da Unión de Cooperativas.

A evolución dos negocios da Unión de Cooperativas Espazocoop foi a seguinte:

Datos comparativos do exercicio 2019 co exercicio anterior:

### Ingresos de explotación

Ano 2.019      600.289,02 €

Ano 2.018      457.385,81 €

Variación      23,80%

### Ingresos extraordinarios

Ano 2.019      1.429,76€

Ano 2.018      1,36 €

Variación      99,90%

Este aumento dos ingresos, ten a súa orixe nas de axudas públicas, nomeadamente as recibidas do Concello de A Coruña, a Consellería de Economía e Emprego para gastos de actividades de fomento da Rede Eusumo e dos ingresos do Proxecto Poises e Proxecto Laces.

O resultado de explotación veuse incrementado significativamente pola reversión de deterioros dos importes pendentes da formación continua de 2014 pendente de cobro.

Este resultado de explotación permítenos chegar a coñecer o CASH FLOW xerado pola sociedade no ano 2.019 que é:

Ganancia de Explotación      4.865,06 €

Amortizacións      0 €

INFORME DE XESTIÓN  
Unión de Cooperativas Espazocoop

Provisións	0,00 €
Saldo de CASH FLOW	<b><u>4.865,06 €</u></b>

Os gastos de explotación do exercicio soportados teñen variado segundo o seguinte cadro:

	Ano 2019	Ano 2018
Aprovisionamentos	0,00 €	0,00 €
Outros gastos Explotación	279.094,37 €	153.799,01 €
Gastos de Persoal	326.327,70 €	315.555,94 €
Gastos Financeiros	4.447,85 €	3.280,44 €
Amortizacións	0 €	750,47 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>603.869,92 €</b>	<b>479.035,40 €</b>

O aumento de ingresos reflectida nos parágrafos anteriores, vese compensada co aumento de gastos, especialmente os referidos a os gastos de subcontratación do Proxecto Laces.

A estrutura económica e financeira da Unión de Cooperativas é a seguinte:

<b>A C T I V O</b>	<b>S A L D O</b>	<b>%</b>
A) ACTIVO NON CORRENTE	16.514,42	5,34
B) ACTIVO CORRENTE	293.055,05	94,66
	-----	-----
TOTAL ACTIVO (A+B).....	309.569,47	100,00
 <b>P A S I V O</b>	 <b>S A L D O</b>	 <b>%</b>

INFORME DE XESTIÓN  
**Unión de Cooperativas Espazocoop**

A) PATRIMONIO NETO	136.827,22	44,20
C) PASIVO CORRENTE	172.742,25	55,80
	-----	-----
TOTAL PATRIM.NETO PASIVO(A+B+C).....	309.569,47	100,00

Os fondos propios da Unión de Cooperativas Espazocoop representan un 44,20% sobre o total do pasivo. O fondo de manobra é positivo en 120.312,80 €. Ambos ratios indican unha situación financeira saneada.

## **2. EVOLUCIÓN PREVISIBLE DA SOCIEDADE.**

A Unión continúa na liña de ofrecer servizos de calidade ás cooperativas socias e grupos promotores de cooperativas, ao abeiro de distintos programas financiados con fondos públicos, entre os que cabe destacar os promovidos pola Consellería de Economía e Emprego, tanto para actividades da Rede Eusumo como para gastos de funcionamento, o programa POISES (FSE) e convenios con distintas entidades públicas. O longo período de cobro deste tipo de programas vai condicionar o incremento de financiamento alleo para facer fronte as necesidades de tesourería da entidade.

Continuamos na procura de novas cooperativas , co obxecto de gañar representatividade cada ano e mellorar o autofinanciamento e afianzar así a actividade e o crecemento da entidade. O exercicio económico 2019 foi favorable nos resultados contables e espérase ter no seguinte exercicio mellores resultados .

## **3. ACTIVIDADES EN INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO.**

Non existe un departamento específico destinado á investigación e desenvolvemento. Durante este exercicio non está previsto realizar ningunha actividade específica en materia de investigación e desenvolvemento, máis aló de novos programas formativos, unidades didácticas ou ferramentas de xestión ao abeiro dos distintos programas.

INFORME DE XESTIÓN  
**Unión de Cooperativas Espazocoop**

**4. ADQUISICIÓN DE ACCIÓN PROPIAS.**

Como aparece reflectido na memoria, a Unión non efectuou ningunha adquisición de accións propias durante o exercicio.

**5. ACONTECEMENTOS IMPORTANTES PARA A UNIÓN OCORRIDOS DESPOIS DO PECHE DO EXERCICIO.**

A COVID-19 converteuse a nivel mundial nunha emerxencia sanitaria afectando os cidadáns, as empresas e a economía en xeral.

A entidade puxo en marcha os plans de continxencia necesarios para garantir a continuidade da actividade, fundamentalmente a través do establecemento do teletraballo para o persoal e a adaptación de contidos formativos e de asesoramento ao modo virtual ou dixital.

Se ben é difícil, a data de formulación destas contas anuais, facer unhas previsións sobre os efectos da pandemia, entendemos que a entidade, atendendo a súa situación particular e as medidas que está levando a cabo, continuará a súa actividade habitual, de maneira que a situación non repercutirá nas contas anuais de 2019, pero sí podería afectar as previsións para o exercicio 2020, como vai a suceder coa maioría das entidades españolas.

Sinaturas Consello Reitor  
Outubro 2020

Ana Oliveira Blanco  
Presidenta

Zoilo Formoso Cancela  
Secretario

Miguel A.Filgueira Touriño  
Vicepresidente

Celso Gándara Carnero  
Vogal 1º

INFORME DE XESTIÓN  
**Unión de Cooperativas Espazocoop**

Emilia Candal Bouzas  
Vogal 2º

Isabel García Álvarez  
Vogal 3º

Pilar Lozano Yañez  
Vogal 4º

Pablo Álvarez Fernández  
Vogal 5º

José Carlos Freire Castroseiros  
Vogal 6º